

PROGRAMA >> MULLER A COOPERATIVA É PARA TI

DATAS REALIZACIÓN	[Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas] 29 e 30 de xuño, 1 e 2 de xullo 2021 [Muller lánzate a emprender en cooperativa] do 6 ao 9 de xullo 2021	DURACIÓN	40 horas (20 h. cada curso)
HORARIO	De 9:30 a 14:30 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Salón de Plenos do Concello de Sada, Avenida do Porto, 24, Sada		
PERSONA DE CONTACTO	Luisa Celis Sanmiguel (AEDL Concello de Sada) www.aedlsada.gal	teléfono	620765150
		e-mail	aedl@sada.gal

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo ás mulleres, e en especial ás mulleres desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das mulleres participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Achegar ás participantes os recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento feminino.
- Desenvolver as habilidades persoais claves no traballo colaborativo. Coñecer recursos e metodoloxías que nos axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.
- Descubrir e aplicar as habilidades persoais nun contorno cooperativo.

PROGRAMA E CONTIDOS

Acción 1: Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas (20 horas)

Módulo 1.- A Comunicación

Módulo 2.- O traballo en equipo.

Módulo 3.- A toma de decisións.

Módulo 4.- O liderado nas cooperativas

Acción 2: Muller, lánzate a emprender en cooperativa (20 horas)

Módulo 1.- O emprendemento. A situación das mulleres no emprego

Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.

Módulo 3.- Organización e financiamento. Apoios para o emprendemento feminino.

Módulo 4.- Experiencia cooperativa. Boas prácticas no cooperativismo promovido por mulleres.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Ás mulleres, tanto desempregadas como emprendedoras, ou incluso mulleres ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.